



RESOLUCIÓN DA COMISIÓN DELEGADA DO XI CONSELLO DE COMUNIDADES GALEGAS

En Santiago de Compostela a 19 de xaneiro de 2017.

A Comisión Delegada do XI Consello de Comunidades Galegas, expresa a fonda dor da galeguidade polo falecemento de D. Fernando Amarelo de Castro. A historia máis recente da Galicia exterior perde a un dos seus protagonistas mais destacados e ao gran impulsor da permanencia indisoluble dos lazos institucionais, culturais e sociais entre os galegos da diáspora e a Galicia territorial.

Hoxe, os galegos do exterior choran e lembran a súa amable e paciente presenza e, sobre todo, a súa determinación de facer dos galegos un pobo universal e da súa vida exemplo de servizo público.

D. Fernando, descanse en paz xunto cos bos e xenerosos que sempre entenderon a nosa voz.